

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A EXPERIMENTACIÓN DE TECNOLOXÍAS INTELIXENTES NA AVALIACIÓN DA EFICIENCIA DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS, FINANCIADO AL 100% EN EL MARCO DEL EJE REACT-UE DEL PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020 COMO RESPUESTA DE LA UNIÓN EUROPEA A LA PANDEMIA DE COVID-19

REUNIDOS

Dunha parte, D. **Valeriano Martínez García** conselleiro de Facenda e Administración Pública, cargo para o que foi nomeado polo presidente da Xunta de Galicia mediante decreto 16/2015, do 9 de febreiro. O conselleiro é a autoridade superior da consellería e segundo o decreto 11/2021, de 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica de la Consellería de Facenda e Administración Pública, e ten as atribucións que lle confire o artigo 34 de la Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.

Doutra parte, D^a **Mar Pereira Álvarez**, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, (en diante Amtega) cargo para o que foi nomeada polo Consello da Xunta na súa reunión do 15 de marzo de 2012, en función das atribucións que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Amtega e se aproban os seus estatutos.

E doutra, D. **Antonio López Díaz**, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, en adiante USC, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 57/2018, do 31 de maio (DOG 5/06/2018), de seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

MANIFESTAN

1º.- Que a Consellería de Facenda e Administración Pública, a través da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa (DXARA), ten entre as súas competencias impulsar actuacións de modernización e reforma administrativa co obxectivo de acadar unha Administración pública eficaz, eficiente e orientada á prestación de servizos de calidade á cidadanía. En particular, en materia de avaliación do desempeño e xestión da calidade: a) O desenvolvemento e a xestión de medidas para a implantación de sistemas de mellora da calidade tendentes a promover a mellora continua dos servizos da Administración autonómica, tanto dos que se lle prestan directamente á cidadanía como dos servizos internos, b) A colaboración cos órganos competentes doutras administracións públicas no deseño e na aplicación de programas de avaliación do desempeño e da calidade tendentes a mellorar a prestación dos servizos públicos mediante o asinamento de convenios que faciliten o intercambio de información, métodos e experiencias; e en materia de racionalización e simplificación dos procedementos administrativos, a promoción, planificación



e coordinación dos procesos de racionalización, simplificación e modernización dos procedementos administrativos, suprimindo trámites e documentos innecesarios, reducindo cargas administrativas e promovendo a implantación da Administración electrónica coa finalidade de mellorar a resposta á cidadanía.

2º.- Que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) é unha axencia pública autonómica adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia que ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. Entre as competencias e funcións desta axencia figuran por a disposición da cidadanía e das empresas de Galicia contidos e servizos públicos dixitais avanzados, transformar, mediante un uso axeitado das TIC, a Administración pública autonómica, coa finalidade de mellorar a calidade de prestación dos servizos públicos, e impulsar o uso dos servizos TIC por parte das empresas galegas, polo que debe desenvolver actuacións encamiñadas ao logro de ditos obxectivos. Así mesmo, a Amtega é a responsable dos contidos e dos servizos comúns, da xestión tecnolóxica e da continuidade, a accesibilidade e a seguridade da sede electrónica da Xunta de Galicia, regulada pola da lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

3º.- Que a USC é unha entidade que desenvolve actividades de Investigación, Formación e Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico e posúe experiencia probada en investigación e desenvolvemento de modelos e aplicacións baseadas en intelixencia artificial, procesamento da linguaxe natural e asistentes virtuais e na transferencia dos seus resultados de I+D á sociedade e ao sector produtivo. Especificamente, o Grupo de Sistemas Intelixentes (GI-1636 e GRC ED431C2018/29) do Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes acredita unha ampla experiencia na investigación en tecnoloxías da linguaxe, modelos avanzados de predición baseada en análise intelixente de datos e analítica de procesos, e no deseño, implementación e validación de servizos baseados nestes aplicados a diferentes eidos. Tamén aporta unha experiencia ampla na modelaxe e aplicación de modelos de Intelixencia Artificial responsable, que aseguren por deseño a explicabilidade, transparencia e confiabilidade dos modelos, e que estes se desenvolvan e operen conforme ás mellores prácticas a nivel internacional, e nomeadamente europeo, neste eido.

Igualmente, o Grupo de Investigación "Empresa e Administración" (GI-1876 e GRC ED431C 2019/15) aporta unha ampla investigación nos diversos aspectos xurídicos que se describen no presente Convenio. Nomeadamente, existe unha traxectoria de especialización en investigación no dereito das tecnoloxías dixitais, que permitirán asegurar co cumprimento estrito da a normativa vixente no que atinxe aos dereitos da cidadanía e das persoas usuarias da sede electrónica da Xunta de Galicia, así coma do persoal da administración e da normativa que rexe os ámbitos de actuación obxecto das aplicacións que se van desenvolver no proxecto.

Por último, os dous grupos teñen colaborado en diversos proxectos e iniciativas relacionadas co impacto da aplicación da Intelixencia Artificial e as tecnoloxías intelixentes na economía e na sociedade dixital, con resultados de investigación conxunta nese eido.

Os ditos grupos son capaces de realizar unha investigación de grande relevancia científica e impacto socioeconómico e cunha alta capacidade de formación, coa fin de contribuír de forma permanente e





activa ao debate e xeración de políticas e normas que permitan que a sociedade galega non se vexa prexudicada polos efectos negativos desta transformación da economía e a sociedade e que a implantación das tecnoloxías dixitais se faga de forma ética e confiable desde o deseño.

4º.- Que a Unión Europea está a traballar na consolidación dun modelo de regulación e en políticas que permitan o desenvolvemento e aproveitamento das tecnoloxías dixitais en favor da sociedade e a economía, o que lle ten levado a propoñer, entre outras, en 2020 y 2021, a Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen normas harmonizadas en materia de intelixencia artificial (Lei de intelixencia artificial) e se modifican determinados actos legislativos da Unión (COM/2021/206). Isto comporta que as iniciativas innovadoras que desenvolva a Xunta de Galicia neste eido deban introducir aspectos de investigación de vangarda que permitan que tales desenvolvementos se planifiquen prevendo que sexan compatibles non só coa regulación actual, senón cos futuros desenvolvementos normativos.

5º.- Que con base na experiencia na labor investigadora propia da USC neste ámbito, as partes están interesadas en colaborar no análise da aplicación de tecnoloxías intelixentes **na avaliación da eficiencia administrativa que redunde nun maior servizo ao cidadán, coa finalidade de deseñar un modelo que sexa posible aplicar** na sede electrónica e os procedementos administrativos da Xunta de Galicia.

Considerando que o proxecto será desenvolvido no marco dunha investigación científica na que os grupos da USC participantes, o Grupo de Sistemas Intelixentes (GI-1636 e GRC ED431C2018/29) do CiTIUS e o Grupo de Investigación "Empresa e Administración" (GI-1876 e GRC ED431C 2019/15) son os únicos grupos no sistema público galego adicados especificamente e en asociación ao estudo interdisciplinar das tecnoloxías intelixentes na contorna da economía e a sociedade dixital, que na actualidade, a USC está a desenvolver investigación básica e aplicada nos paradigmas avanzados da intelixencia artificial (análise intelixente de datos sobre procesos, analítica avanzada de procesos, tecnoloxías da linguaxe natural e intelixencia artificial responsable) e está en condicións de transferir coñecemento xerado e resultados baseados nestes, tanto na análise predictiva, na analítica avanzada de procesos e en Intelixencia Artificial explicable, considérase adecuado articular a colaboración antedita mediante o presente convenio.

Por todo isto, as partes asinantes acordan subscribir o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e a Amtega, e a USC para a realización dunha análise e experimentación da aplicación de tecnoloxías intelixentes **na avaliación da eficiencia administrativa que redunde nun maior servizo ao cidadán, coa finalidade de deseñar un modelo que sexa posible aplicar** na sede electrónica e os procedementos administrativos da Xunta de Galicia.





SEGUNDA.- Obrigas das partes

As partes comprométese a desenvolver coordinadamente, no ámbito das súas respectivas competencias, as actuacións e medidas necesarias para o eficaz cumprimento do obxecto do presente convenio.

Un.- Compromisos da Xunta de Galicia

A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e a Amtega, asume os seguintes compromisos:

1. Colaborar activamente en todas as actuacións previstas neste convenio mediante a súa participación na elaboración do estudo, desenvolvemento e implantación das actividades previstas neste convenio.
2. Achegar o financiamento previsto na cláusula cuarta do presente convenio.
3. Cumprir as obrigas en materia de información e comunicación segundo o establecido no apartado 2.2 do Anexo XII do RDC e de acordo coas especificacións técnicas do regulamento 821/2014.
4. Mantemento dos investimentos dedicándoos á finalidade para a que foron realizados durante os 5 anos seguintes ao pagamento final
5. A Amtega terá a obriga de aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión e cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións (art. 125.4.c do Regulamento (UE) N° 1303/2013). A detección de feitos que puideran ser constitutivos de fraude ou irregularidade serán comunicados ao Servicio Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) nos termos establecidos na Comunicación 1/2017 del SNCA, do 6 de abril, sobre a forma na que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que podan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea

Dous.- Compromisos e obrigas da USC

1. Colaborar activamente en todas as actuacións previstas neste convenio mediante a súa participación na elaboración do estudo, desenvolvemento e implantación das actividades previstas neste convenio.
 - a) Desenvolver unha Metodoloxía que permita medir e mellorar, coa aplicación de tecnoloxías intelixentes a eficacia da administración (normativa, procedementos, medios e recursos humanos) na execución dos devanditos procedementos. Esta metodoloxía deberá poder ser extensible aos procedementos da Guía de procedementos e servizos.

Esta metodoloxía incluirá:

- Como abordar este análise coa aplicación das técnicas de minería de procesos nesta administración pública.





- Como abordar a posta en marcha dun asistente virtual avanzado, que acompañe ao cidadán na tramitación do procedemento.
- b) Deseño e desenvolvemento dun cadro de mandos baseado en técnicas de extracción de analíticas e predicións de proceso para a axuda á toma de decisións por parte dos xestores de procedementos, en base a información xerada en calquera punto da tramitación do procedemento.
 - c) Realización dunha experiencia piloto, de 6 procedementos, dun asistente virtual baseado en minería de procesos, e na información analizada no punto anterior, para prestar axuda as persoas usuarias da sede electrónica da Xunta de Galicia. O asistente interactuará coas persoas usuarias mediante teclado e, especialmente, voz como tecnoloxía accesible que asegurará o obxectivo esencial de proporcionar unha interacción natural, que permitirá achegar estas tecnoloxías a usuarios e colectivos pouco habituados ou con dificultades no uso de dispositivos de entrada como teclados ou ratos, reducindo así a fenda dixital.
 - d) Desenvolver os elementos indicados anteriormente no marco da Intelixencia Artificial Responsable, asegurando por deseño o cumprimento dos seus principios esenciais.
2. Asignar os medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para a execución das actuacións establecidas neste convenio.
 3. Achegar coa xustificación os informes e documentos que acrediten fidedignamente o desenvolvemento do obxecto do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Xunta de Galicia.
 4. Mantemento dos investimentos dedicándoos á finalidade para a que foron realizados durante os 5 anos seguintes ao pagamento final
 5. Facer figurar expresamente o financiamento da Xunta de Galicia na totalidade das actuacións asociadas a este Convenio.

TERCEIRA.- Financiamento

1. O orzamento previsto para a realización do obxecto do presente convenio ascende a 482.600,00€. Esta actuación poderá ser susceptible de financiamento, como parte da resposta da Unión á pandemia de COVID-19, no marco do Eixo REACT UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.
2. A Amtega colaborará na realización do obxecto do convenio cunha achega máxima de 442.600,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 04.A1.571A.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia coa seguinte distribución por anualidades:



Ano 2021: 65.000 €

Ano 2022: 377.600 €

A cantidade reseñada destinarase a cofinanciar os gastos relativos as actuacións previstas:

Desenvolver un asistente virtual baseado na minería de procesos para prestar axuda a os usuarios da sede electrónica de la Xunta de Galicia.

Desenvolvemento dun cadro de mandos baseado en técnicas de extracción de analíticas e predicións de proceso para a axuda á toma de decisións por parte dos xestores de procedementos

Desenvolver unha Metodoloxía e Guía de procedementos administrativos e técnicos para a implantación do asistente virtual de forma xeneralizada en tódolos procedementos

A referida achega é unha porcentaxe do importe total do proxecto e financiará exclusivamente unha parte dos custos do convenio, sen que a USC obteña beneficio ou lucro ningún.

3. A USC asumirá con cargo aos seus orzamentos propios a diferenza entre a achega económica da Xunta de Galicia e o orzamento total do convenio. A tal fin, a USC cofinanciará as actividades contempladas neste Convenio coa asignación da parte dos custos de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento) nos que incurrirá pola realización das obrigas contempladas neste Convenio non financiados pola Amtega. O importe estimado desta asignación é de corenta mil euros (40.000 €), sen prexuízo do seu incremento en atención ás horas de traballo efectivamente dedicadas como consecuencia da actividade do persoal propio, docente e investigador relacionada co desenvolvemento e execución das actuacións que constitúen o obxecto do convenio. O importe anterior que se asumirá con cargo aos orzamentos da coa seguinte distribución por anualidades:

2021	2022	TOTAL
10.000 €	30.000 €	40.000 €

CUARTA.- Forma de pagamento e xustificación do convenio

O pagamento da achega prevista na cláusula cuarta do presente convenio realizarase previa solicitude da USC e xustificación do desenvolvemento das actuacións levadas a cabo na súa execución. A tal fin, a USC deberá achegar á Amtega as correspondentes certificacións antes do 1 de decembro de cada anualidade, as cales incluírán a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas neste Convenio, con indicación das actividades realizadas, resultados obtidos e as incidencias máis significativas.
- Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterà:



- 1º Relación clasificada dos gastos atendibles para cada actuación, con identificación do acreedor e do documento, concepto, importe, data de emisión e data de pago.
- 2º Xustificación dos gastos atendibles: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, ou con eficacia administrativa, incorporados na relación clasificada dos gastos.
- 3º Nóminas pagadas, gasto de seguridade social e importes retidos en concepto de IRPF e certificado de dedicación emitido pola USC da asignación das persoas ao proxecto. Para a imputación dos gastos de persoal ao proxecto, a USC deberá realizar, con anterioridade á execución do convenio, a imputación de persoal propio ás actividades obxecto do convenio, indicando as porcentaxes de dedicación previstas, e así mesmo, na fase de xustificación, deixará constancia documental das horas efectivamente consumidas polos traballadores/as imputables ao proxecto, explicitando as súas dedicacións horarias, en documento asinado polo responsable da entidade e a persoa empregada, e acompañada dos correspondentes partes de traballo.
- 4º Seguridade Social do período que se alega: Documentos/s de Relación nominal de traballadores e Documento/s de Cálculo da Liquidación e os correspondentes xustificante/s de pago.
- 5º Importes retidos IRPF do período que se alega: Modelo/s 111 e os correspondente/s xustificante/s do seu ingreso na AEAT.
- 6º Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
- 7º Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que a Amtega realice estas consultas polos seus propios medios.
- 8º No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.
- 9º Declaración da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento.
- 10º Xustificación, de ser o caso, doutros ingresos obtidos para financiar a actividade, non podendo superar o 100% do seu custo total.

c) Un certificado da persoa responsable da Xerencia da USC ou do órgano de control que corresponda, que acredite a toma de razón en contabilidade de que se executou o obxecto do convenio e que as achegas das partes cofinanciadoras foron destinadas ao pagamento das actividades propias do convenio, xunto coa información detallada das actuacións realizadas e resultados obtidos.





No caso de que a acreditación dos custos do convenio e, máis concretamente, a súa equivalencia en horas de dedicación ao proxecto, sexa inferior ao orzamento total do convenio, a achega das partes reducirase na mesma proporción.

En todo caso, a Xunta de Galicia resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto deste Convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o seu pagamento, a USC deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Un certificado de estar ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización á Xunta de Galicia para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A USC facilitará toda a información que lle requira a Xunta de Galicia ou a Amtega, así como a Intervención Xeral da comunidade autónoma, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control. Igualmente estará suxeita ás comprobacións e verificacións a realizar polo OI, AG o AC e, de ser o caso, polos órganos de control da Comisión Europea e do Tribunal de Cuentas Europeo ou outras instancias de control.

QUINTA.- Comisión de Seguimento

Para a vixilancia, seguimento e control da execución do Convenio, así como para propoñer solucións e solventar as dúbidas que poidan xurdir na aplicación e interpretación das súas estipulacións, constituirase unha Comisión de Seguimento integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes:

- Dous representantes da USC, nomeados polo seu titular.
- Dous representantes da Consellería de Facenda e Administración Pública, nomeados polo seu titular.
- Dous representantes da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, nomeados pola súa titular.





Presidirá a Comisión de Seguimento a persoa representante da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

A comisión de seguimento manterá reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades realizadas e xestionará calquera modificación que xurda no desenvolvemento do proxecto nun proceso de colaboración mutua entre as partes asinantes. Ás reunións da comisión asistirán os seus membros ou as persoas en quen deleguen.

A comisión poderá adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar o cumprimento do obxecto do presente convenio.

SÉXTA.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura dixital pola persoa asinante que o faga en último lugar e terá vixencia ata o 30 de decembro de 2022, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes asinantes polo incumprimento dos compromisos que nel se recollen.

Antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un máximo dun ano máis. De prorrogarse o convenio, na correspondente addenda estableceríanse as obrigas concretas das partes asinantes.

SÉTIMA.- Causas de resolución

O presente Convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia sen terse acordado a prórroga .
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o Convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) Introducción de modificacións substanciais sen que as mesmas fosen aceptadas por todas as partes asinantes.
- f) Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas neste Convenio ou na normativa aplicable.

Se cando conorra calquera das causas de resolución deste Convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, por proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e



finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

OITAVA.- Publicidade

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro (BOE 10-12-2013), de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia

NOVENA.- Modificacións

O presente Convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMA.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Responsabilidade

A subscrición deste Convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto do Convenio e a Xunta de Galicia ou Amtega, de tal xeito que non se poderá esixir a esta administración responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito Convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Propiedade dos resultados



A propiedade dos resultados obtidos como consecuencia da colaboración obxecto deste convenio corresponderán de xeito conxunto ás partes asinantes e, cada unha delas, poderán facer uso gratuíto destes co consentimento unánime das outras partes.

Os dereitos incorporais de propiedade intelectual de carácter patrimonial respecto dos recursos que, de ser o caso, se xeren nas diferentes fases de desenvolvemento do proxecto, de titularidade común das partes asinantes, pola sinatura do presente convenio cederanse de xeito gratuíto á Xunta de Galicia.

Sen prexuízo do anterior, os dereitos incorporais de propiedade intelectual respecto da actividade propia do labor investigadora dos traballos de investigación que se utilicen como medios para o desenvolvemento do obxecto do convenio corresponderán á USC.

DÉCIMO TERCEIRA.- Natureza xurídica e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, será de aplicación á Xunta de Galicia a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, polo que se refire ao contido da colaboración mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público. O artigo 14 prevé que a Administración xeral da comunidade autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais da súa competencia.

En atención á tipoloxía de fondos que financian as actuacións previstas no convenio, resultarán de aplicación o Regulamento 1303/2013, o Regulamento 1301/2013 e normativa comunitaria de desenvolvemento, así como a Orde HFP/1979/2016, de 29 de decembro, modificada pola Orde HAC/114/2021, de 5 de febreiro pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables.

Doutra banda, aínda que é un dos negocios xurídicos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Santiago de Compostela a 24 de setembro de 2021

Pola Consellería de Facenda e Administración Pública	Pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	a de	Pola Universidade de Santiago de Compostela
---	--	---------	--

D.Valeriano Martínez García

Dña.Mar Pereira Álvarez

D.Antonio López Díaz





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



(asinado dixitalmente)



Xacobeo 21-22